



Concello de Parada de Sil

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA 2024

1. OBXECTO DAS BASES REGULADORAS.

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrancia e publicidade, para contribuir ao fomento de servizos e actividades que complementen ou suplan ás que sexen de competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais e sectoriais da veciñanza do concello de Parada de Sil.

2. MARCO NORMATIVO.

Ao réxime de concesión de subvencións será de aplicación, ademais das presentes bases:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 886/2003, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007
- Plan estratéxico de subvencións do Concello de Parada de Sil para 2024-2025.
- Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Parada de Sil (BOP nº 111 de 15.05.2007).
- Bases de execución do orzamento municipal para 2024.

3. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é apoiar ás entidades e asociacións locais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades teñan encaixa en calquera das liñas de subvencións previstas no artigo 5 do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Parada de Sil para 2024-2025, esto é:

- **Líña 1:** Fomento e promoción da cultura, educación e deporte, medio ambiente e apoio ó tecido asociativo, comercial, empresarial e profesional nos seus distintos ámbitos.
- **Líña 2:** Fomento e promoción da conciliación familiar e de apoio á familia, infancia, mocidade e persoas maiores.

Con esta convocatoria o Concello de Parada de Sil pretende apoiar a realización de actividades de distinta índole que contribúan a un maior benestar e dinamización da vida social e fomentar a participación da cidadanía en diferentes ámbitos de actuación.





Concello de Parada de Sil

4. DOTACIÓN ORZAMENTARIA.

A concesión de subvencións farase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento 2024:

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
172.48001	Subvencións a colectivos de protección e mellora do medio ambiente	1.500,00 €
323.48004	Subvencións a colectivos educativos	9.000,00 €
334.48005	Subvencións a colectivos veciñais	16.000,00 €
341.48007	Subvencións a colectivos deportivas	10.000,00 €

5. RÉXIME DE COMPATIBILIDADE.

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, sexa cal sexa o seu ámbito territorial ou de entes públicos ou privados, sempre e cando a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver.

Non poderán optar a estas subvencións as entidades ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin aquelas que teñan solicitado ou recibido calquera outra subvención por parte do concello de Parada de Sil con cargo ao exercicio orzamentario 2024.

6. BENEFICIARIOS.

Poderán participar na convocatoria as entidades ou asociacións xurídicamente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades dentro do termo municipal de Parada de Sil.
- Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente e comunicar ao Concello de Parada de Sil os representantes dos seus órganos directivos xunto cunha copia do CIF e dos estatutos da entidade para a súa incorporación ao rexistro municipal ou actualización de datos, no seu caso.
- Ter domicilio social no termo municipal de Parada de Sil.
- Que a realización das actividades para as que se solicita a axuda estén relacionadas co obxecto social da entidade.
- Non incorrer nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para resultar beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Parada de Sil agás que se lle concedese con carácter excepcional prórroga.





Concello de Parada de Sil

- h) Non ter aberto procedemento de reintegro de cantidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal, autonómica e no seu caso, coa seguridade social.

Quedan excluídas expresamente da presente convocatoria as comunidades de montes veciñais en man común.

7. SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes xunto co resto de documentación presentaranse de xeito telemático a través da Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil segundo o modelo previsto no Anexo I das presentes bases.

O prazo de presentación será de QUINCE (15) días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas por outro medio que non sexa a través da Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil nin aquelas solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

- a) Anexo I. Solicitud asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou colectivo.
- b) Anexo II. Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das causas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- c) Anexo III. Declaración sobre o conxunto de subvencións e axudas, públicas ou privadas, solicitadas para a mesma finalidade con indicación se foron concedidas, denegadas ou pendente de resolución.
- d) Anexo IV. Memoria explicativa detallada da/s actividade/s para a/as que se solicita a axuda e que teñan un marcado compoñente cultural, deportivo, formativo ou social.
- e) Anexo V. Orzamento de gastos e ingresos previstos para a realización da/s actividade/s.
- f) Anexo VI. Memoria explicativa das principais actividades realizadas nos tres últimos anos.
- g) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal (AEAT), autonómica (ATRIGA) e coa seguridade social.
- h) Copia dos estatutos e identificación dos órganos directivos da entidade.

9. PERÍODO SUBVENCIONABLE.

Serán subvencionables aquelas actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. Se ben no caso de actividades realizadas no mes de decembro deberán estar debidamente xustificadas e motivadas para poder encadralas dentro do exercicio orzamentario 2024.





Concello de Parada de Sil

10. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables aqueles gastos que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da/s actividade/s subvencionada/s que teñan relación directa co obxecto que se subvenciona e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2024.

Así, con carácter xeral serán subvencionables entre outros os seguintes:

- a) Gastos da entidade ou colectivo necesarios para a realización de actividades culturais, deportivas, de ocio ou de entretemento tales como a contratación de profesionais, de monitores, de actividades culturais, deportivas, de espectáculos musicais ou semellantes.
- b) Gastos indirectos de funcionamento e mantemento da entidade ou colectivo tales como gastos de luz, seguros, subministro de combustibles, etc).

Con carácter xeral, en ningún caso serán subvencionables:

- a) As cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais.
- b) Facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquer produto lesivo para a saúde.
- c) Gastos en comidas, eventos ou calquer tipo de celebración gastronómica.
- d) Gastos en produtos de alimentación e bebidas agás no caso de probas e actividades deportivas para o refixerio dos participantes así como na celebración de festas de marcado carácter popular e de tradición local como o Magosto de Sacardebois.
- e) Gastos derivados de atencións protocolarias.
- f) Gastos derivados de entradas e accesos a actividades e eventos musicais, culturais, deportivos, de ocio ou de calquer outra natureza.
- g) Gastos de transporte e de desprazamento de lecer agás aqueles que teñan un marcado carácter educativo, formativo ou pedagóxico.
- h) Tributos, gastos de intereses, comisións bancarias ou sancións administrativas.
- i) O IVE cando teña carácter recuperable para a entidade beneficiaria.

11. IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados así como ingresos propios da entidade ou asociación supere o custo total da/s actividade/s.

O importe da subvención poderá acadar ata o 100% do custo total da/s actividade/s subvencionada/s.

En todo caso, o importe máximo a subvencionar non poderá exceder a dotación orzamentaria prevista no apartado 4 das presentes bases.





Concello de Parada de Sil

No caso de colectivos de protección e mellora do medio ambiente e de colectivos veciñais, establécense as seguintes limitacións:

- Con carácter xeral o importe máximo da subvención será de 1.500,00 € co obxectivo de atender o maior número de solicitudes posibles que garanta a execución e programación de actividades en todos os pobos do termo municipal.
- Excepcionalmente, e co obxectivo de potenciar o asociacionismo de colectivos no medio rural e de promover a realización de actividades en prol dun mellor benestar social, emocional e terapéutico, o importe máximo poderá chegar ata 3.000,00 €.
- Co obxectivo de conservar, dinamizar e potenciar o Magosto de Sacardebois con unha forte tradición e arraigo local e con un marcado carácter etnográfico, social e popular a súa organización disporá dunha colaboración adicional por importe máximo de 3.000,00 €.
- No caso de que o crédito orzamentario sexa insuficiente para atender todas as solicitudes, o importe reduciráse proporcionalmente entre todas as solicitudes.

12. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

A concesión de subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva. Terá a consideración de concorrência competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados, e conceder subvención, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito orzamentario dispoñible, a aquelas que obteñan maior puntuación.

13. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, comenzará a súa instrucción coa revisión e comprobación da documentación presentada.

Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que, no prazo de DEZ (10) días hábiles a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación requirida ou corrixa os defectos observados na solicitude inicial, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

14. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios para a avaliación das solicitudes serán os seguintes:

- a) A calidade, contido, creatividade, orixinalidade e periodicidade das actividades ou programa proposto (ata 30 puntos).
Valorarase ata un máximo de 6,00 puntos a cada un dos criterios sinalados (calidade, contido, creatividade, orixinalidade e periodicidade).
- b) O grao de continuidade, estabilidade e solvencia da entidade no ámbito no que se vaia desenvolver a actividade ou programa proposto (ata 20 puntos).





Concello de Parada de Sil

Valorarase a continuidade e estabilidade na organización de actividades por parte da entidade así como a súa solvencia e acreditación na súa organización e programación.

- c) O grado de colaboración e complementariedade das actividades ou programa proposto co ámbito competencial do concello (ata 15 puntos).

Valorarase a organización de actividades en colaboración co Concello ou na execución de actividades complementando a programación do Concello.

- d) Esfuerzo financeiro e capacidade económica da entidade para levar a cabo as actividades e programas propostos (ata 15 puntos)

- I. Esfuerzo inferior ao 20%: 0 puntos
- II. Esfuerzo superior ao 80%: 15 puntos
- III. Esfuerzo entre o 20% e o 80%: proporcional

- e) Experiencia, calidade, contido e periodicidade na execución de actividades nos últimos catro anos (ata 10 puntos).

Valorarase a experiencia na realización de actividades nos últimos catro anos así como a súa calidade, contido e periodicidade.

- f) Grao de interese, utilidade dos fins perseguidos e destinos das actividade propostas (ata 10 puntos)

- I. Aforo ou prazas limitadas: 5 puntos
- II. De acceso ou abertas ao público: 10 puntos

15. COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez comprobado que todas as solicitudes reúnen os requisitos formais e achegan a documentación completa, corresponderá á Comisión de Avaliación elevar proposta de concesión de subvención ao órgano competente.

A Comisión de Avaliación estará integrada por:

Presidente: Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue

Vogal: Funcionario/a do Concello de Parada de Sil

Secretario: Funcionario/a do Concello de Parada de Sil

16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

A proposta da Comisión de Avaliación elevaráse ao órgano competente. O órgano competente para a resolución de concesión ou denegación de subvencións será a Xunta de Goberno Local segundo o disposto no Decreto de Alcaldía 2023-0128 de 23.06.2023

O prazo máximo de resolución será de TRES (3) meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.





Concello de Parada de Sil

Transcorrido o prazo máximo para dictar resolución expresa, o silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

A notificación de concesión ou denegación de subvención practicarase só por medios electrónicos, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A notificación electrónica entenderase practicada no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación electrónica entenderase rexeitada transcorridos dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

A resolución de concesión deberá recoller como mínimo a entidade beneficiaria, o importe total da/s actividade/s solicitadas ou do proxecto presentado, o importe concedido e no seu caso, a causa de denegación da subvención solicitada.

17. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN.

No prazo de DEZ (10) días hábiles desde a posta a disposición da resolución de concesión de subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar mediante rexistro electrónica a aceptación da subvención concedida. Transcorrido dito prazo sen recibir comunicación de aceptación, entenderase aceptada tácitamente.

18. PUBLICIDADE DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.

A concesión de subvencións será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil para o seu xeral coñecemento así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

19. OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Os beneficiarios das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

- Realizar as actividades incluídas na memoria explicativa e cumprir o seu obxectivo.
- Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- Xustificar o gasto realizado no termos establecidos nas presentes bases.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar tanta información e documentación lles sexa requirida.
- Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
- Facer constar a colaboración do Concello de Parada de Sil mediante a difusión e publicidade da subvención concedida en carteis e materiais impresos, páxina web da entidade, redes sociais e en calquer outro medio de comunicación empregado





Concello de Parada de Sil

na difusión da actividade.

- h) Utilizar formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etcétera) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento.
- i) Realizar as actividades no período establecido na convocatoria e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

20. XUSTIFICACIÓN. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

As entidades beneficiarias deberán xustificar a realización da/s actividade/s ou proxecto subvencionado mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente.

A xustificación será completa da/s actividade/s ou proxecto subvencionado. Non se admitirá a xustificación parcial de actividades.

O importe a xustificar será como mínimo o importe da subvención. No caso de que a xustificación presentada sexa inferior, o importe da subvención reduciráse ata dito importe.

Segundo o artigo 75.2 do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a conta xustificativa da subvención deberá conter:

- a) Memoria xustificativa da/s actividade/s ou proxecto realizado con indicación da data de realización da/s actividade/s, usuarios ou asistentes, localización e cumprimento das condicións impostas na resolución de concesión.
- b) Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, concepto do gasto realizado, data e identificación do documento e data pagamento.
- c) Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas ou doutros ingresos que financien a/s actividade/s subvencionada con indicación da súa procedencia e importe.
- d) Acreditación da publicidade da subvención concedida mediante a presentación de fotografía do cartel, tríptico ou calquer outro medio que acredite a difusión e publicidade foi obxecto de subvención polo Concello de Parada de Sil. A falta de presentación da publicidade ou acreditación insuficiente dará lugar a unha redución do 5% do importe da subvención concedida.
- e) Facturas ou documentos válidos para acreditar o gasto emitidos a nome da entidade beneficiaria, con indicación da data de emisión e identificación do documento, concepto da/s actividade/s ou do/s servizo/s prestado/s e importe total con IVE e no seu caso, retención do IRPF, desglosado.
- f) Xustificantes de pagamento que acrediten suficientemente o gasto pagado.
- g) Reportaxe fotográfico da/s actividade/s realizada/s.
- h) Certificado expedido pola axencia tributaria estatal, autonómica e tesourería da





Concello de Parada de Sil

seguridade social de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais.

i) Certificación do número de conta (IBAN) de titularidade da entidade beneficiaria.

No caso de que a documentación xustificativa fose incompleta, incorrecta ou insuficiente requirirase á entidade para que no prazo de DEZ (10) días hábiles enmende a documentación.

Transcorrido dito prazo sen que se presente a enmenda ou documentación complementaria requirida, ditarase a resolución que proceda en cada caso, ben sexa a perda parcial ou total do dereito ao cobre da subvención, e no seu caso, o reintegro da cantidade percibida, debendo notificar en todo caso dita resolución á entidade beneficiaria.

Límites ao importe a xustificar.

Establecense os seguintes límites na conta xustificativa:

- En materia de gastos indirectos (luz, seguros, etc) non poderán superar o 20% da subvención concedida.

- No caso de pequenas compras e/ou subministros de escasa entidade admitiranse tickets de compra sempre e cando conste identificación do acreedor, concepto da compra ou subministro e importe total, en substitución de facturas, se ben o importe individualizado destes tickets non poderán ser superiores a 50,00 € e o importe acumulado de todos eles non excedan de 150,00 €.

Neste caso o/a Secretario/a da entidade deberá extender dilixencia na que conste que os devanditos tickets foron aboados en efectivo contra a tesourería da entidade beneficiaria.

21. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación comenizará a partir do día seguinte á comunicación da concesión da subvención e rematará o 30 de novembro de 2024.

Se ben no caso de actividades que deban realizarse no mes de decembro de 2024, o prazo de xustificación rematará o 15 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo de xustificación sen terse presentado, requirirase ao beneficiario para que no prazo máximo de DEZ (10) días hábiles presente a documentación xustificativa, advertíndolle que de non facelo, perderá o dereito ao cobro da subvención.

Este prazo será independente ao prazo de DEZ (10) días hábiles que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa.

22. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento da subvención realizarase previa presentación, revisión e comprobación da documentación xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Poderán realizarse pagos a conta ou pagos anticipados sen que sexa preciso establecer garantía algunha. Estes anticipos poderán acadar o 80% no caso de subvencións concedidas por importe superior a 3.000,00 €. En caso contrario, o anticipo máximo será do 50%.

As entidades beneficiarias poderán solicitar o aboamento do anticipo a partir do día





Concello de Parada de Sil

seguinte á notificación da resolución de concesión previa xustificación da necesidade do anticipo, importe, acreditación de estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e certificación do número de conta bancaria para o seu aboamento.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia bancaria á conta bancaria titularidade da entidade beneficiaria.

23. CAUSAS DE INVALIDEZ DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, REINTEGRO E PRODEDEMENTO.

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, as previstas na normativa en materia de subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da convocatoria, a renuncia da entidade beneficiaria e demais supostos de incumprimento por parte da entidade beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

- Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos establecidos.
- Cando a xustificación parcial do gasto non acade o 50 % do importe a xustificar.
- Cando a xustificación parcial do gasto supere o 50% e non acade o 100% do importe a xustificar, reduciráse a parte proporcional da cantidade deixada de xustificar.
- Obtención da subvención sen reunir ou deixando de reunir os requisitos establecidos na convocatoria (falseando as condicións ou ocultando aquelas que o impidan).
- Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Incumprimento das condicións impostas ás entidades beneficiarias con motivo da concesión da subvención.
- Obstrución, impedimento ou negativa do beneficiario ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo órgano competente para a concesión, seguindo o artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

24. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E RÉXIME SANCIONADOR.

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Parada de Sil, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de





Concello de Parada de Sil

Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida. O órgano competente para impoñer sancións será a Xunta de Goberno Local.

De acordo co establecido no artigo 63.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se sancionarán as infraccións recollidas nos parágrafos b) e d) do artigo 58 cando os infractores reintegran as cantidades e os intereses de demora sen requirimento.

25. CONTROL FINANCIERO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

Conforme aos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Secretaría-Intervención para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, a correcta financiación da actividade e o cumprimento de todos os demais requisitos formais e materiais.

Igualmente, conforme á Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo a Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

26. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Parada de Sil coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos ben a través da Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil ou ben presencialmente nos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

27. RECURSOS E MEDIOS DE IMPUGNACIÓN.

Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que esgota a vía administrativa, poderase interponerse ben recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo de UN (1) mes, conforme o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, ante a Sala Contencioso-Administrativo





Concello de Parada de Sil

do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS (2) meses a partir do día seguinte á súa publicación.

28. DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; na Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Parada de Sil; nas bases de execución do orzamento 2024 do Concello de Parada de Sil e demais normativa de aplicación.

29. DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do extracto da súa aprobación no Boletín Oficial da Provincia.

En Parada de Sil, na data de sinatura á marxe

Aquilino Domínguez Díaz

Alcalde-Presidente

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

